








# FALAN DEL:



## NA REDE:

<http://www.realacademiagalega.org/letras-actual>

<http://www.valentinpazandrade.com/gl/ultimo>

<http://www.crtvg.es/crtvg/canles-temáticas/valentin-paz-andrade/categoría/valentin-paz-andrade>

[http://gl.wikipedia.org/wiki/Valent%C3%ADn\\_Paz-Andrade](http://gl.wikipedia.org/wiki/Valent%C3%ADn_Paz-Andrade)

Escoita "Cando ti volvas" en [sondepoetas.blogspot.com](http://sondepoetas.blogspot.com)

## 50 ANOS CELEBRANDO AS NOSAS LETRAS




50 anos  
52 autores

- 1963 – Rosalía de Castro
- 1964 – Castelao
- 1965 – Eduardo Pondal
- 1966 – Francisco Añón
- 1967 – Curros Enríquez
- 1968 – Florentino López Cuevillas
- 1969 – Antonio Noriega Varela
- 1970 – Marcial Valladares Núñez
- 1971 – Gonzalo López Abente
- 1972 – Valentín Lamas Carvajal
- 1973 – Manuel Lago González
- 1974 – Xoán V. Viqueira Cortón
- 1975 – Xoán Manuel Pintos Villar
- 1976 – Ramón Cabanillas
- 1977 – Antón Villar Ponte
- 1978 – Antonio López Ferreiro
- 1979 – Manuel Antonio
- 1980 – Alfonso X el Sabio
- 1981 – Vicente Risco
- 1982 – Luis Amado Carballo
- 1983 – Manuel Leiras Pulpeiro
- 1984 – Armando Cotarelo Valledor
- 1985 – Antón Losada Diéguez
- 1986 – Aquilino Iglesia Alvariño
- 1987 – Francisca Herrera Garrido
- 1988 – Ramón Otero Pedrayo
- 1989 – Celso Emilio Ferreiro
- 1990 – Luis Pimentel
- 1991 – Álvaro Cunqueiro
- 1992 – Fermín Bouza Brey
- 1993 – Eduardo Blanco Amor
- 1994 – Luis Seoane
- 1995 – Rafael Dieste
- 1996 – Xesús Ferro Counelo
- 1997 – Ánxel Fole
- 1998 – Xoán de Cangas, Martín Códax e Meendinho
- 1999 – Roberto Blanco Torres
- 2000 – Manuel Murguía
- 2001 – Eladio Rodríguez
- 2002 – Fray Martín Sarmiento
- 2003 – Antón Avilés de Taramancos
- 2004 – Xaquín Lorenzo, Xocas
- 2005 – Lorenzo Varela
- 2006 – Manuel Lugrís Freire
- 2007 – María Mariño
- 2008 – Xosé M. Álvarez Blázquez
- 2009 – Ramón Piñeiro López
- 2010 – Uxío Novoneyra
- 2011 – Lois Pereiro
- 2012 – Valentín Paz-Andrade





Gravado en madeira de  
Maside



# VALENTÍN PAZ-ANDRADE

## Unha vida longa, polifacética sempre con Galicia

Son Valentín Paz Andrade e neste ano recórdaseme porque vivín por e para a miña TERRA, para esta nosa Galicia que tanto nos necesitaba, tanto como precisa agora de vós, dos galegos de corazón, neste escuro presente.

Nacín no Lérez, en Pontevedra, a parroquia que acolle os meus restos, cando faltaban dous anos para acabar o século XIX e non debeu ser casual que fose no Día do Libro, porque dende sempre as letras foron a miña paixón. Fun moi feliz ata os oito anos coas miñas irmás e meus pais, pero Matilde, miña amadíssima nai, deixounos orfos, sos, envoltos nunha aceda sombra de tristura, nun baleiro que xa ía permanecer para sempre. Os meus primeiros Mestres e guías foron a miña tía Dolores Cimadevila e o meu adorado tío, Xoán Bautista, co que me adentrei no xornalismo, ao que dediquei moitas das horas da miña vida. Foi tamén el quen me presentou o amigo Daniel Castelao. Ai, irmán Daniel! ti fuches desde a máis tenra mocidade unha estrela, un facho acendido co que compartín o amor á nosa terra e a dedicación a ela, sempre.

Fíxenme avogado e, mal me está a min dicilo, pero fun dos de verdade, dos bos no bo sentido da palabra. Cando comezaba a exercer, fixéronme, como a tantos mozos, ir á guerra a Marrocos, desde onde escribín crónicas e inspiréime para a novela que segue inédita, *Soldado da morte*. Voltei enfermo en 1922 e nese ano asumín con orgullo a dirección do xornal *GALICIA*, que iniciou a súa andadura o 25 de xullo e



marcou un fito na prensa galega: un xornal independente, galeguista e moderno que foron asfixiando economicamente ata facelo desaparecer cando levaba 4 anos de vida. Eu non descansaba, traballo e traballo: como avogado, “sempe fun un namorado da toga”, como xornalista e como político, por iso non é de extrañar que sufriu un primeiro atentado, o 3 de xaneiro de 1932 en Vigo. Pero recupereime e seguín na loita intensa neses anos de ilusión. Mais logo de plebiscitarse o Estatuto, a ledicia converteuse en angustia, terror e desolación coa chegada de xullo de 1936: compañeiros e amigos nas cunetas, medo, fuxidas nas que colaboro e despois os meus desterrados: Verín (onde sufro un novo atentado), Requeixo de Queixa, Castro Caldelas e Pobra de Trives, vila na que namoro para sempre da miña amada Pilar, a compañeira de viaxe, a nai do meu único fillo, Alfonso.

As consecuencias da guerra e do franquismo foron terribles: enmudeceran de novo a nosa terra e cumplía moita valentía para seguir na loita e iso fixen en toda esa “longa noite de pedra” desde todas as frontes: contacto cos exiliados, publicacións, mundo da empresa, poeta, ensaísta, político; un polifacético que gocei de recoñecemento, que vivín *Galicia como tarefa* ata que se me parou o corazón aos 89 anos.

## XORNALISTA

As primeiras colaboracións xornalísticas aparecen en *La Correspondencia Gallega* e en *Alma Galaica*, de Pontevedra en 1917. Nesa época estudiantil lémolo tamén no vespertino *Gaceta de Galicia*, en Santiago. En 1921, como soldado na fronte de África, escribe artigos desde Tetuán para *El Noroeste* da Coruña e *Progreso* de Pontevedra. O día da patria de 1922 sae o primeiro número do xornal *Galicia*, de Vigo, do que é redactor xefe. En agosto convértese no seu director. Durante a ditadura de Primo de Rivera, será multado e encarcerado por mor duns artigos seus.

En 1925, o gobernador civil de Pontevedra decreta a suspensión indefinida do *Galicia*. Paz-Andrade consigue que se edite outra vez, pero o diario só durará un ano na rúa. En setembro de 1926 desaparece o xornal *Galicia*.

En 1943 prohíbenlle asinar co seu nome, de aí pseudónimos como: Mareiro, A. Mareiro, M., Paz d'Andrade, Tío Xoán Bautista e Xan Quinto.

Colaborador literario en *O Ensino, Grial e Outeiro*; de carácter económico e político en *El País, La Vanguardia* e en *Industrias Conserveras*.



## AVOGADO



Seguindo o consello de seu pai, vai a Compostela para estudar a carreira de Dereito. Nesta época vémolo como orador na II Asemblea Nacionalista, celebrada en Compostela en 1919, e participa na fundación do Grupo Autonomista Universitario, vinculado á Irmandade da Fala de Santiago, da que foi presidente. Remata os estudos con sobresaliente e axiña exerce como avogado.

Unha vez de volta de África, céntrase no xornalismo, mais logo de pechárenlle o *Galicia*, presta servizos como avogado á patronal pesqueira viguesa.


Logo de ano e medio de proscripción na guerra, volve ao bufete de Vigo.

Aínda cando colaboraba coa FAO alternou a toga cos cursos latinoamericanos de capacitación pesqueira. Como el dicía: "poucos grandes avogados foron só avogados"

## POLÍTICO

Xa en 1919 asiste á asemblea nacionalista celebrada en Santiago. En 1930, participa na fundación do Grupo Autonomista Galego de Vigo. Será o presidente. Nese ano publica "A nosa definición autonomista" e en 1931 participa na redacción do *Antiproyecto de Estatuto da Galiza*. Para Valentín este si que era un paso adiante, el mesmo di que o actual non responde ás necesidades de Galicia. En 1931 propón a Castelao para que encabece a candidatura das minorías nas eleccións ás Cortes Constituíntes por Pontevedra. Castelao acepta. Valentín participa intensamente na campaña electoral. Na lista, logo de Castelao seguénlle Paz-Andrade e Cabanillas. En 1931 participa na constitución do Partido Galeguista en Pontevedra. Castelao, exiliado en Badajoz, escríbelle para que o substitúa na secretaría política do Partido Galeguista. Non acepta. En 1936 desterran a Valentín a Verín, onde vai sufrir o seu segundo atentado. En 1939 volve a ser detido e desterrado a Villanueva de la Serena (Badajoz) ate a finais de ano. Sempre mantivo contactos cos exiliados. A partir de 1973 regresa á actividade política.


## EMPRESARIO



As “tarefas” económicas de Valentín:

Foi promotor do grupo industrial PESCANOVA, fundou a revista especializada do sector: *Industrias Pesqueiras*. Canalizou por vía legal un proxecto de construcción dunha refinaría de petróleos en Vigo (Petrogasa). Foille de negado. Doeulle que as autoridades competentes viguesas non o apoiasen.



Tampouco conseguiu crear unha banca industrial galega, un dos seus maiores desexos.



Os tres grandes ensaios de Valentín. Tres visións omni-comprendivas de Galicia: “erguer Galiza ao nivel dos nosos soños”.

A LINGUA como vencello de unificación coa lusofonía.

Xa defendía a presenza do 50% de galego na escola.



## POETA, ENSAÍSTA



Chora, Terra,  
teu pranto matrícia.  
o que todo galego choraría,  
se inda chorar pudera,  
até cubrir de bágoas o mare

Non escoitedes voz na que se esquezan  
as raíces do barro que nos dóu  
feitio de criaturas,  
amor para repartir cos semellantes  
quentor do noso sangue

Se me desen a escoller  
entre un prendemento e outro,  
Serena de Extremadura,  
dantes que nos teus ermos solto,  
eu escoller escollera  
a cadea no chan noso.

1983, poemario *Saga de símbolos*  
1984, poemario *Precánticos da galeguideade*.  
1984, poemario *Aura ora de Galiza*.  
1985, poemario *Canto en catro ao conde de Andrade*. Inédito.  
1986, *Cartafol de homenaxe a Ramón Otero Pedrayo*.  
2012, *Canto do pobo disperso*

Catro características da súa “tarefa” literaria:

- Patriotismo galego.
- A lingua é un activo: Galicia é fonte, Portugal é ponte, e hoxe Brasil vén sendo algo que asemella o paraíso prometido.
- Escritor serodio.
- Sintonizou coa alma do pobo: ensaio a Castelao, ensaio a Valle-Inclán, ensaio a Guimaraes Rosa, indicando que Galicia forma parte da lusofonía xa que hai moito léxico galego na obra deste autor.